



INSTRUCCIÓN 7/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE NOVAS MEDIDAS EN MATERIA DE PERSOAL COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS SARS-CoV-2

Nas instruccións precedentes desta Xerencia, foi exposto un elenco de medidas excepcionais dirixidas a garantir a dispoñibilidade de profesionais para fazer fronte á carga asistencial crecente derivada do coronavirus SARS-CoV-2.

Posteriormente o Ministerio de Sanidade, na súa Orde SND/232/2020, do 15 de marzo (*BOE* núm. 68, do 15 de marzo) vén de establecer determinadas medidas especiais en materia de recursos humanos para reforzar o Sistema Nacional de Saúde.

En relación co persoal residente en formación, no punto *Segundo* alúdese á prórroga das vinculacións do persoal residente, de determinadas especialidades, que se atope no último ano de formación. Engádense outras medidas relativas ás rotacións do persoal residente e á prestación de servizos en unidades con especial necesidade.

O punto *Terceiro* habilita para incorporar transitoriamente a graduados/as ou licenciados/as en Medicina que superaron a puntuación mínima no exercicio das probas selectivas 2018/2019 de formación sanitaria especializada para Médicos, pero que non resultaron adxudicatarios de praza, así como a profesionais con título de especialista obtido en Estados non membros da Unión Europea que, sen dispoñer do título de especialista, foron avaliados positivamente ou superaron a parte teórica das correspondentes probas teórico-prácticas.

No punto *Cuarto* posiblítase a reincorporación ao servizo activo de profesionais medicos e enfermeiros, menores de setenta anos, en situación de xubilación. Ao respecto, e aínda que a Orde SND/232/2020 alude á formalización desta reincorporación mediante un novo nomeamento, considérase máis oportuno que,

INSTRUCCIÓN
7/2020

pola moi propia natureza deste acto, este se formalice mediante unha resolución singular.

A medida prevista no punto *Quinto* posibilita a reincorporación voluntaria de persoal que, pola realización de funcións sindicais, está exonerado da prestación ordinaria de servizos.

Como última medida para a incorporación de novos/as profesionais, o punto *Sexto* da Orde SND/232/2020 prevé a realización de contratos laborais de duración determinada, de auxilio sanitario, en calidade de apoio e baixo supervisión dun profesional sanitario. Esta actuación está prevista para estudantes do grao de medicina e enfermería no seu último ano de formación.

Finalmente, como medidas relevantes respecto ao réxime de prestación de servizos, o punto *Décimo* alude á posibilidade de impor servizos de carácter extraordinario en canto a duración, funcións e ámbito xeográfico da prestación. Tamén faculta para suspender as exencións de garda por razóns de idade e as autorización de compatibilidade para o exercicio doutras actividades. Polo demais, na liña anticipada nas citadas instrucións 4 e 5/2020 desta xerencia, a orde engade medidas extraordinarias nos eidos de xornada de traballo e descansos, permisos, licenzas e vacacións e reducións de xornada, sen prexuízo dunhas garantías básicas en materia de descansos do persoal.

Todas as materias relacionadas -agás a suspensión das autorizacións de compatibilidade actualmente vixentes- están incardinadas no ámbito competencial propio das xerencias e direccións (nomeamento de persoal temporal, programación da actividade dos/as profesionais, permisos, exención de gardas, reincorporacións ao servizo activo...)

No entanto convén, por unha parte, ratificar a competencia deses órganos de dirección para concretar e aplicar esas medidas en cada ámbito e sen unha

INSTRUCCIÓN / 2020



Instrucción

autorización previa; por outra, facilitar que determinados actos se formalicen documentalmente, de xeito homoxéneo, nas diversas institucións.

Para tales efectos incorpóranse nesta instrución os modelos para formalizar as medidas que poden ser inmediatamente aplicables, adiando a un momento ulterior o modelo que se utilizará para a prórroga das vinculacións do persoal residente, de determinadas especialidades, que se atope no último ano de formación.

Finalmente, e por razóns de competencia, esta xerencia non se pronuncia neste intre sobre os trámites precisos para suspender autorizacións de compatibilidade actualmente vixentes, sen prexuízo de que proximamente se poidan remitir indicacións ao respecto.

INSTRUCCIÓN

Primeira. Competencia e habilitación

As xerencias/direccións, cando sexa preciso para atender á carga asistencial, e sen necesidade de autorización expresa, utilizarán calquera das medidas especiais en materia de persoal previstas na Orde SND/232/2020, do 15 de marzo (*BOE* núm. 68, do 15 de marzo), do Ministerio de Sanidade.

Segunda. Contratación excepcional de persoal facultativo e non facultativo (punto Terceiro da Orde SND/232/2020)

A contratación dos profesionais que cumpran os requisitos establecidos na letra a) do punto *Terceiro* da orde ministerial formalizarse no modelo que figura como Anexo I desta instrución.

Para os profesionais que cumpran os requisitos establecidos na letra *b*) do punto *Terceiro* utilizarase o modelo de nomeamento eventual que figura como Anexo II desta instrucción.

Terceira. Reincorporación de profesionais en situación de xubilación (punto Cuarto da Orde SND/232/2020)

Esta reincorporación formalizarase no modelo que figura como Anexo III desta instrucción e realizarase nas condicións retributivas persoais na data da xubilación, sen que proceda alta na Seguridade Social e cotización. A prestación de servizos poderá ser a xornada completa ou parcial.

Cuarta. Contratación de estudiantes dos graos de medicina e enfermería (punto Sexto da Orde SND/232/2020)

Esta contratación formalizarase na modalidade que establece a orde ministerial. Como Anexo IV desta instrucción figura o modelo de contrato coas adaptacións necesarias.

Quinta. Vixencia

A habilitación realizada na instrucción *primeira* permanecerá vixente ata que esta xerencia se pronuncie sobre a súa finalización.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo





ANEXO I

CIF:

PATRONAL:

CONTRATO LABORAL AO ABEIRO DO RD 1146/2006, do 6 de outubro

En _____, a ____ de _____ de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D/D^a _____, Xerente/a da Área Sanitaria de _____, que actúa en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

E doutra, D/D^a _____, con DNI nº _____, con domicilio en _____, que ostenta un Grao o Licenciatura en Medicina e que ten superadas as probas de selectivas 2018 para o acceso en 2019 a prazas de formación especializada para médicos no resultando adxudicatario de praza

DECLARAN

Que reúnen as condicións e capacidade necesarias para a formalización deste contrato, que se celebra ao abeiro do RD 1146/2006 do 6 de outubro polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saude, e do punto terceiro da Orde SND/232/2020, de 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, (BOE nº 68, 15 de marzo de 2020),

CLAUSULAS

Primeira: o presente contrato ten por obxecto a realización de prestación de servizos cíomó médico.

Segunda: As retribucións que percibirá o/a traballador serán de 1.203,56 € /mes.

Terceira: A xornada de traballo será a establecida para o persoal residente en formación, co réxime especial aplicable durante a actual situación de crise sanitaria.

Cuarta: Duración do díaata o día.....

E para que así conste, expídese o presente contrato, por quintuplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Contratación 2020

ANEXO II

NOMEAMENTO DE PERSOAL ESTATUTARIO EVENTUAL (FÓRA DO CADRO DE PERSOAL)

De conformidade co disposto na letra b) do punto *Terceiro* da Orde do Ministerio de Sanidade SND/232/2020, do 15 de marzo (BOE núm. 68, do 15 de marzo), acórdase o seu nomeamento como persoal facultativo estatutario eventual, tendo por causa a acumulación de tarefas ante a situación de crise sanitaria.

Este nomeamento, sexa cal fose a súa duración, non supón dereito ningún a acceder a unha praza do cadre de persoal da institución ou a un vínculo de carácter fixo ou permanente.

O réxime xurídico aplicable será o que establece a Lei 55/2003, do 16 de decembro, e normativa complementaria e desenvolvemento aplicable á correspondente categoría.

Establécese un período de proba de ata tres meses. Este período de proba será de traballo efectivo, e o seu cómputo suspenderase durante a situación de incapacidade temporal ou calquera outra que supoña a non prestación de servizos efectivos.

1.- DATOS DO/A INTERESADO/A:

- Apelidos e nome:
- N.I.F./ N.I.E.:
- Titulación / especialidade (*a pendente de homologación*):
- Data:

2.- FUNCIÓNS, CAUSA E DURACIÓN DO NOMEAMENTO:

- Funcións: as propias da categoría de ... (*en función da especialidade*)
 - Descripción da prestación: acumulación de tarefas ante a situación de crise sanitaria.
 - Centros de traballo:
 - Distrito:
 - Centro de xestión: A.S de...
 - Duración: do díaata o día....
- Xornada: Completa Parcial. Porcentaxe:



ANEXO III

Resolución de data _____ de _____ de 2020, da Xerencia da ÁREA Sanitaria de _____, pola que se concede a reincorporación ao servizo activo desde a situación de xubilación de D. _____, coa categoría de _____.

ANTECEDENTES

D./D^a _____, con DNI nº _____, atópase na situación de XUBILACIÓN _____ dende o _____ de _____ de _____ como _____ na ÁREA Sanitaria de _____, declarada mediante Resolución da ÁREA Sanitaria de _____ de data _____ de _____ de _____.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

A Orde SND/232/2020, de 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, (BOE nº 68, 15 de marzo de 2020) establece, no apartado cuarto. 1. que "os profesionais sanitarios xubilados médicos/as e enfermeiros/as menores de setenta anos poderán ser reincorporados ao servizo activo pola autoridade competente da comunidade autónoma, ao abeiro do previsto no artigo 13 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo", e de conformidade coa Circular _____ da Xerencia _____.

Esta Xerencia, en exercicio das facultades atribuídas no Decreto 137/2019, de 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro) polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, e no Decreto 134/2019 do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia.

Instrucción 7/20

RESOLVE

CONCEDER a D./D^a _____, con DNI nº _____, a reincorporación ao servizo activo na categoría de _____ (a mesma que tiña) na ÁREA Sanitaria de _____, con efectos do ____ de _____ de 2020, coas mesmas condicións retributivas persoais no momento da xubilación, sendo as mesmas compatibles coa pensión de xubilación.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada, perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes a partir do día seguinte á notificación, nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

_____, ____ de _____ de 2020

O/A xerente da ÁREA Sanitaria de

Instrucción 7/20



ANEXO IV

CIF:

PATRONAL:

CONTRATO LABORAL OBRA OU SERVIZO DETERMINADO AO ABEIRO DO RDL 2/2015

En _____, a ____ de _____ de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D/D^a _____, Xerente/a da ÁREA Sanitaria de _____, que actúa en virtude das atribucións que lle confire a Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG nº 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

E doutra, D/D^a _____, con DNI nº _____, con domicilio en _____, estudiante de último curso do Grao de Medicina/Enfermería,

DECLARAN

Que reúnen as condicións e capacidade necesarias para a formalización deste contrato, que se celebra ao abeiro do establecido no artigo 151.a) do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado polo RDL 2/2015 e do punto sexto da Orde SND/232/2020, de 15 de marzo, pola que se adoptan medidas en materia de recursos humanos e medios para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, (BOE nº 68, 15 de marzo de 2020),

CLAUSULAS

Primeira: o presente contrato ten por obxecto a realización das funcións de auxilio sanitario que se desenvolverán en calidade de apoio e baixo a supervisión dun profesional sanitario.

Segunda: As retribucións que percibirá o/a traballador serán de 950 € /mes.

Terceira: A xornada de traballo será a establecida para o persoal ao que presta o seu apoio, co réxime especial aplicable durante a actual situación de crise sanitaria.

Cuarta: Duración do díaata o día....

E para que así conste, expídese o presente contrato, por quintuplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Instructución 2020